

A ONDA

SPASMO 2015-16

grupodeteatrodoSantalrene

Ron Jones, profesor de Historia Contemporánea, é coñecido por ser o iniciador da chamada «Terceira Onda», un experimento realizado no marco do seu estudo sobre a Alemania nazi con alumnos de secundaria e para demostrar que ata as sociedades libres e abertas non son inmunes ao atractivo de ideoloxías autoritarias e ditatoriais.

O experimento levouse a cabo no Cubberley High School, un instituto de Palo Alto, California, durante a primeira semana de abril de 1967. Jones, ao non poder explicar aos seus alumnos por que os cidadáns alemáns permitiron que o partido nazi exterminara a millóns de xudeus e outros chamados "indesexables", decidiu mostrarllo. Jones comezou con cousas simples, como a disciplina, a comunidade ou a acción, e logrou converter aos seus alumnos de historia nun grupo cun gran sentido da causa.

Jones chamou ao movemento "A Terceira Onda", debido á noción popular de que a terceira dunha serie de ondas no mar é sempre a máis forte. Ao parecer, o experimento cobrou vida propia, cando alumnos de toda a escola uníronse a el.

Todd Strasser, co pseudónimo Morton Rhue, escribiu unha novela sobre o tema que logo foi adaptada ao cine por Dennis Gansel en 2008. O musical *The Wave - The Musical*, do ano 2000, tamén está baseado no experimento.

En España, Ignacio García May escribiu *La Ola*, estreada no Lliure en 2013 e volta a representar en 2015 en Madrid no teatro Vale Inclán baixo a produción do Centro Dramático Nacional.

A Onda, é a versión de *Spasmo 2016*.

REPARTO.

Salvador Álvarez Ledesma.....PROFESOR RAMÓN NEIRA

Lucas Gómez Miguel.....SAMUEL

Nerea Fernández Couso.....MERCEDES (MERCHE)

Gisell A. Ferreira Suárez.....LUCÍA

Xián Simón Varandas.....DARÍO

María Castro Rodríguez.....ALMA

Sara A. González Barreno.....CAROLINA

Esteban Pérez Santalla.....OMAR

María Ponce Fernández.....ALICIA (ALI)

Pedro de la Torre Riveiro.....ISMAEL (ISMA)

Samuel Cordero Busto.....LOIS

Laura de Cáceres Iglesias.....AINOHA

Noelia Ferreiro Gonda.....MARTA

Yadhira Iglesias Fernández.....ALEXIA

A obra comeza entrando todos os actores e actrices ao paraninfo desde fóra, tal e como entra o público. Farémolo escalonadamente a través do pasillo e subiremos ao escenario; e débese improvisar todo o tempo desde a situación na que cada quen estea. A idea é unha entrada ao instituto para asistir á clase á primeira hora (por se queredes máis realismo).

MARTA entra (música ambiente) a primeira: vai botando o balón de baloncesto, sube ao escenario e diríxese á esquerda (esquerda ou dereita, sempre a do público); pousa a súa mochila ou o que leve no banco e xoga coa pelota nese espacio (incluso pode marcarse toda unha volta arredor do aula, así mostrará un espacio que non se ve e que simula sempre para nós os corredores interiores entre imaxinarias aulas).

Tan pronto Marta xoga coa pelota no escenario acéndense as luces de escena; nese momento AINOHA e SAMUEL (eles apagan as luces de sala deixando só as laterais) arrancan (falan mentres camiñan) e cando soben ao escenario están con Marta: Ainoha “dille” a Marta que ela vai xa para clase para preparar todo, e logo irá buscala. Ainoha e Samuel van a clase (acéndese a luz de aula) e preparan a presentación, escriben na pizarra o título do tema, a data...

ALMA e DARÍO (que leva o seu monopatín), arrancan cando Ainoha e Samuel se encontran con Marta. Alma e Darío son parella, poden ir collidos da man, así que imaxinamos a un dos dous contándolle ao outro algún cotilleo do insti ou un problema familiar... Cando están a altura da escaleira e antes de subir “despídense”; Darío vai xunto a Marta e Alma achégase á taquilla onde recolle ou deixa algo, seguidamente vai para clase.

CAROLINA (antes apaga luces dun lateral) arranca cando Alma e Darío se despeden a pé da escaleira. Vai ao baño, pero enseguida sae cun cigarro na man e corre onde Darío e Marta para pedir lume. Darío e Marta non teñen.

MERCEDES, ALICIA e LOIS, seguidos a tres pasos por ISMAEL e OMAR, saen cando Carolina fala con Darío e Marta no escenario. Mercedes, Alicia e Lois van cara a taquilla e alí Lois e Mercedes collen/deixan algo. Logo, sen deixar de falar, van a clase. Omar tamén vai á taquilla pero Carolina preguntalle se ten lume: deixalle un mechero e Carolina corre ao baño. Omar, tras cerrar a taquilla entra en clase. Mentres, Darío chamou a Ismael, e Ismael foi ao lado esquerdo onde seguen Darío e Marta. Darío móstralle algo no móbil e rin. Entón sae Ainoha en busca de Marta pois xa ten todo o equipo preparado para a presentación do traballo.

LUCÍA arranca cando Ainoha sae da clase en busca de Marta. Vai oíndo música ou falando polo móbil; cando, a pé da escaleira, ve a Darío vai correndo a contarlle algo. Nese momento soa o timbre de comezo da clase. Todos pónense en marcha. Escóitase unha voz que fala sobre a represión franquista e a Illa de San Simón; fúndese coa música ambiente para substituíla.

O PROFESOR (antes apaga as luces do lateral; so hai luces de escena) arranca cando soa o timbre, e vai directamente a clase levando consigo a calquera que aínda non entrara. O profesor entra (apáganse luces de escena/corredor; só queda luz de escena/aula) saúda, senta e comeza a exposición de Ainoha e Marta.

Coa exposición das súas compañeiras xa empezada, ALEXIA arranca e vai axiña (andando apurada) a clase. Entra e senta.

PRIMEIRO DÍA: VENRES, 22/4/2016

A PREGUNTA DE LOIS.

AINOHA.- Sendo director xeral de prisións Máximo Cuervo, entre 1938 e 1942....

OMAR.- “Máximo Cuervo”, que nome!

AINOHA.- Pois si, este director xeral de prisións ás ordes de Franco, estableceu unha política penal pola que os presos republicanos e antifranquistas deberían pagar con penas de privación de liberdade e traballos de reconstrución. Os presos foron divididos para a realización de traballos especializados. Pero entón xurdiu o problema de que facer cos máis vellos ou cos que non eran aptos por discapacidade ou enfermidade, moitas veces provocada pola desnutrición. Desde 1936 ata 1944, estes presos non aptos, estes enemigos da patria e parasitos sociais, que sumaron uns seis mil, foron concentrados na Illa da San Simón.

MARTA.- A Leprosaría de San Simón, como cárcere franquista pasou por tres etapas: nun principio foi cárcere provisional para presos gubernativos non encausados pola xustiza militar; moitos destes presos foron sacados pola noite e déuselles morte.

DARÍO.- Son os famosos “paseos”?

MERCEDES.- Exactamente, “paseos” que acababan nunha cuneta ou nunha tapia do cemiterio.

MARTA.- A súa segunda etapa coincidiu coa caída dos frontes do norte; foi tal a cantidade de reclusos, que chegaron a contabilizarse uns dous mil cincocentos. As execucións aumentaron. Pero a fame e as enfermidades tamén axudaron.

ALMA.- Entón non se trataba dunha cárcere, unha illa penitenciaria, parece máis ben un centro de exterminio.

AINOHA.- Espera, ti escoita o que sabemos. Por último, desde o final da guerra ata finais de 1943, a Illa de San Simón acolleu os presos maiores de sesenta anos, procedentes de cárceres de toda España. Tan só en 1941, chamado o “ano da fame”, faleceron duascenas cincuenta persoas.

MARTA.- O meu bisavó por parte da miña nai, estivo preso en San Simón. Di miña nai, que volvía ao amencer do seu traballo como garda no serradoiro e pillárono. “Auxilio á rebelión”, esa foi a acusación que consta na súa ficha.

LUCÍA.- Matárono?

MARTA.- Foi condenado a quince anos de reclusión; pero saíu en tres.

LUCÍA.- Entón, non lle pasou nada. Ao final o sentidiño impúxose.

MARTA.- A verdade é que non o sei. Pero non creo que fora a “xustiza” o que explicaría a liberación do meu bisavó.

MERCEDES.- Está claro como mostra o documental e o voso traballo que a represión que fixeron os franquistas foi bestial. Seis mil foron os que meteron na illa. Que pasada!

SAMUEL.- Pero non vexo por que vos afecta. Sempre pasa igual. Gañar unha guerra é o que ten.

OMAR.- Que pasa, que che poñen os “aguerridos triunfadores”?

SAMUEL.- Xa me gustaría verte nunha guerra. Non durarías nada. Cagarías nos pantalóns e terías que rogarlle a un mando que te levara á casa con mamá.

MARTA.- Claro! E ti quedarías con ese mando: un tipo alto, guapo e moi duro.

(Risas.)

PROFESOR.- Veña! Xa, xa. Por favor continuamos co tema.

MERCEDES.- A min sorprendeume o documental, eu non sabía nada disto.

CAROLINA.- Por eso dí o meu pai que é importante a reivindicación da memoria histórica.

AINOHA.- Si, pero parece que queren construír un hotel e chamarlle “Illa do pensamento”.

PROFESOR.- Imaxinades que nos campos de concentración de Auschwitz ou Mauthausen, se fixera algo así?

SAMUEL.- Sobre iso, gustaríame contarvos unha cousa. Lembro un documental sobre os campos de exterminio nazi.

LUCÍA.- Sobre o Holocausto?

MERCEDES.- Si, chámase así ao plan sistemático de exterminio de millóns de persoas, fundamentalmente xudeus, durante a segunda guerra mundial na Alemaña nazi.

ALMA.- Pero mira que es lista. Continúa.....

SAMUEL.- Si, dicía que quedei impresionado cunha historia que lin dun militar americano combatente cando entraron nun deses campos. Interrogaron ao

alcalde do pobo preto do campo e aos veciños. Sabedes que dicían? Dixeron que non viran nada, que non sabían nada de todo aquilo.

LOIS.- Non o entendo!. Non entendo como a xente os deixou facer todas esas barbaridades que fixeron. É dicir, os alemáns por exemplo, un día espertan todos convertidos en nazis?

ISMAEL.- Aquí matáronse entre irmáns, denunciáronse entre veciños....

LOIS.- Pois iso. Nestes gobernos de ditadores crueis, construíronse campos de concentración . E ninguén sabía nada? Ninguén viu nada? Que loucura e esta?

ALMA.- É a guerra que volve tola á xente.

MARTA.- Para, para. Lois ten razón. A pregunta é moi boa. Alguén tiña que darse conta do que estaba a pasar! Como puido a poboación desentenderse?

DARÍO.- Iso, por que non o evitaron?

LUCÍA.- Todos os alemáns eran nazis, e protexéronse uns aos outros!

LOIS.- Xa, e aquí todos eramos franquistas? Todos? Sempre hai desacordos. Aquí mesmo mantemos opinións políticas diferentes. A xente protesta cando algo non lle gusta.

OMAR.- Si, as manifestacións son un exemplo de rebeldía.

ALICIA.- Claro, pero isto é unha democracia e podes protestar polo que queiras. Pero eles eran fascistas!

LOIS.- Vale, ben. Pero volvo preguntar, cando cambiaron? Cambiaron todos á vez? Kant era nazi? Bethowen era nazi?

ALEXIA.- Será como unha enfermidade, eu que sei!

LOIS.- Pero estamos a falar de asasinatos en masa, de incineración de miles de cadáveres,.... Como que non eran conscientes? Estaban cegos, ou que?

MERCEDES.- Iso é verdade, aí tes razón: hai cousas que non se poden ocultar. Que foi o que pasou, profe?

PROFESOR.- Pois, a filósofa Hanna Arendt falaba de pura e simple irreflexión. É dicir, a ausencia total de pensamento fixoos incapaces de distinguir o ben do mal.

ALMA.- Está claro! Que moitas veces non queremos ver a realidade.

LUCÍA.- A miña avó di: “Ollos que non ven, corazón que non sente”.

SAMUEL.- Ben, pero agora xa está, aprendemos, e isto non volverá a ocorrer, non?

(Soa o timbre. As alumnas e alumnos recollen as súas cousas e dispóñense a marchar. O Profesor intenta detelos e que deixen a clase un pouco colocada.)

PROFESOR.- Ehhhh! Os pupitres no seu sitio!

(Fan que colocan algo, pero a desorde mantense. Saen con presa. Algúns despídense.)

PROFESOR.- Seguiremos con isto o luns!

(Todos saíron . O profesor queda só na aula. Pensa. Coloca algún pupitre, recolle as súas cousas e sae.)

SEGUNDO DÍA: LUNS, 25/4/2016

PODER DA DISCIPLINA.

(Dá comezo o segundo día. Escóitase MÚSICA e van entrando os alumnos e alumnas. Conversación de ligoteo entre Darío e Lucía. Darío arrastra sobre un monopatín a Lucía. Logo el tírase polo chan e fai como se fose nunha táboa de surf.)

DARÍO.- Entrás así e remas e remas e vas cara a onda *(ponse de pé e achégase a Lucía para ensinarlle)*. O surf é a hostia! Mira, deslizarte, baixar unha onda grande e ver como se abre ao teu paso... Sentes unha sensación de poder e de auto control.... Pero hai que ter valor para meterse, porque non é para novatos

LUCÍA.- Que estupidez!!

DARÍO.- Non! Non é unha estupidez! Hai que saber escoller o lugar e o momento para facelo. Non é fácil vencer o medo a estar só no mar...

LUCÍA.- Así que hai que saber escoller o momento para facelo...?

(Achéganse e danse un pico. Aparecen entón Alma, seguida detrás por Omar, que vai con Ismael e Alicia.)

DARÍO.- *(Cortante con Lucía por ser descuberto)* Ben, o que está claro e que ti non podes entender do que falo.

ALMA.- Exacto, non opines Lucía, el é o único que sabe do que fala, sempre!!

LUCÍA.- Grazas polo consello, lista, pero fala por ti.

OMAR.- A min isto do surf paréceme de pijos-ricos

ALMA.- Vaia! Aquí todos sodes expertos.

(Darío vaise contra Omar.)

DARÍO.- Ti, por que te metes? *(Dálle un empurrón)* Se te meteras máis na auga aclararías as ideas e melloraría a túa integración!

(Omar rexeita sen medo o enfrontamento.)

OMAR.- Mira tío, paso do teu rolo. Teño escamas? ou aletas? Teño un bo par de pernas para bailar, xogar e correr, ah! E para patearte os collóns se fai falta!

DARÍO.- En serio? Ti só, ou coa túa panda de mouros?

(Pelexan. Os compañeiros: algúns corren a clase para dar aviso, outros intentan separalos.... Soa o timbre. Aparece o PROFESOR que lles berra e lles esixe que paren. Van a clase. O profesor chega o último.

Faltan dúas alumnas: Carolina e Alexia.)

PROFESOR.- *(Entra en clase.)* Bos días ! *(Parece enfadado ou preocupado. Viste de xeito máis formal; leva garavata.)*

ALMA.- Moncho, hoxe tócanos expoñer a Merche e a min sobre o papel da igrexa no franquismo.

MERCEDES.- Conseguín fotos e documentos interesantes...

(O PROFESOR non lles fai caso, borra a pizarra e pon a data.)

PROFESOR.- Deixaremos iso para outro día.

ALMA.- Que?!

PROFESOR.- Pospoñemos a vosa exposición. Teño que falar doutra cousa.

ALMA.- Non nos faga isto, profe. Deiteime tardísimo preparando o tema.

PROFESOR.- Mira, como o traballo xa está feito, non pasa nada porque non o vexamos hoxe.

ALMA.- Moncho, non fastidies, ti sabes todo...

PROFESOR.- *(Cortando, eleva a voz severo.)* Queres facer o que digo e sentar no teu sitio xa!

(Alma queda confusa, mais obedece. Mercedes tamén senta. Todos están sorprendidos)

PROFESOR.- Ves o que acaba de suceder? Tiven que berrar para que me obedeceras.

ALMA.- Síntoo, non pretendía...

PROFESOR.- *(Cortando.)* Non pretendías, pero fixéchelo! *(A todos.)* Non estou nada contento con esta clase. Os vosos traballos son mediocres, e o voso comportamento non é nada correcto.

MARTA.- Iso non é verdade!

PROFESOR.- Cala! Non tes permiso para falar! *(Silencio-pausa.)* Ese é o problema. Non tedes nin a máis remota idea do que significa *(vai onde Lucía e cóllete o teléfono móbil.)* a D-I-S-C-I-P-L-I-N-A! Interrompédesvos uns aos outros, sentades *(achégase e sinala a Ismael.)* como se estivédes nun bar cos amigos; Ismael, queres baixar os pés e sentar ben!. *(Colle uns apuntes nunha libreta de Marta)* Os vosos exercicios están sucios *(Móstraos e entrégalos de novo a Marta)* Cheos de faltas de ortografía. Para que vindes a clase se o que facemos non vos importa?

LUCÍA.- Iso é inxusto. Traballamos máis na túa clase que en calquera outra.

PROFESOR.- Pois non é suficiente. *(Dúas alumnas que chegan tarde, Carolina e Alexia corren polo escenario camiño da clase.)* Mirade a desorde que hai na aula!

CAROLINA.- *(Abre a porta e entra acompañada detrás por Alexia)* Desculpa profe. Non foi culpa miña. Esta *(por Alexia)* empeñouse en recoller...

PROFESOR.- *(Cortante.)* Vedes o que acabo de dicir? *(Diríxese aos que chegan tarde.)* Vós pensades que podedes chegar aquí a hora que vos dá a gana?

CAROLINA.- Perdoa, xa che dixen que Alexia quixo recoller antes de vir

PROFESOR.- *(Cortando de novo severo e moi enfadado.)* Deixa de pedir perdón! Non quero escoitar máis “perdón”, nin máis “sinto”. Quero eficacia! Quero seriedade! Quero D-I-S-C-I-P-L-I-N-A! *(Volve dirixirse aos que chegaron tarde.)* E vós, ides vir comigo ao despacho do Director. *(O Profesor abre a porta, indicando o camiño; os tardóns están paralizados ante o castigo. O resto dos alumnos garda un significativo silencio.)* A que esperades!? Fóra da miña clase! *(Carolina e Alexia saen da aula; o profe vai detrás. Pecha a porta cun portazo seco. Todos na aula se miran. Non entenden o que ocorre.)*

(A porta do aula ábrese de novo. O Profesor entra e detrás Carolina e Alexia. O Profesor contempla as caras de todos e de súpeto bótase a rir.)

PROFESOR.- *(Diríxese a Carolina e Alexia de novo.)* Veña, sentade. E cambiade esas caras, que non imos ir a ningures.

(O ambiente reláxase; algúns rin, contaxiados polo sorriso do Profesor.)

CAROLINA.- Que foi isto? Unha broma ou que?

PROFESOR.- Isto é unha introdución ao tema de: a Disciplina.

ALMA.- Cando empezaches a falar, así, cabreado, pensei que tolearas.

ALEXIA.- Vamos, que nos estabas tomando o pelo! Pois non lle vexo a graza!

PROFESOR.- A verdade e que finxín o enfado, pero falaba en serio.

AINOHA.- Pensas en serio que somos un grupo mediocre?

PROFESOR.- Iso é o único falso! Pola contra, penso que sodes un grupo estupendo!

ISMAEL.- Un momento, un momento, de que vai todo isto, non entendo nada!

PROFESOR.- Sodes un grupo magnífico. Pode que o mellor grupo de todo o instituto. Pero tendes todos un defecto: fáltavos disciplina. Non serve de nada ser un xenio se un non é disciplinado. Darío, ti es surfista e debes entender ben o que digo, non?

DARÍO.- Si, son moi bo coa táboa.

PROFESOR.- Es moi bo porque practicas, metes moitas horas; caes e volves subir, unha, dez e cen veces se é preciso.... non si?

DARÍO.- Así é.

PROFESOR.- *(Vai cara a Ismael)* E ti, Isma, din que che gusta xogar ao Xadrez. Ese xogo é extraordinariamente difícil. Eu non sabería gañar unha partida.

ISMAEL.- Eu gaño a miúdo.

PROFESOR.- Ben, dedicas tamén moitas horas, o que supón moito tempo de concentración e un severo exercicio lóxico. *(Pausa.)* Estes só son dous exemplos, pero pásavos a todos. Tedes que entregarvos a fondo: no surf, no xadrez, no deporte, na música, ..., tamén aquí en clase. E agora mirade como estades sentados! Omar parece que teñas chepa; e ti, Lucía, queres baixar os pés!

CAROLINA.- Pero, que queres de nós?

PROFESOR.- Quero que sexades mellores. Por que? Porque sodes capaces. *(Pausa)* Vedes? Levades un rato en silencio. Iso é porque, por unha vez, estades escoitando e reflexionando. *(Pausa.)* Ben, durante os próximos días imos esquecer o tema do Fascismo. Quero que traballemos cuestións máis importantes. AH! E o traballo destes días contará para a nota igual que as outras clases.

MARTA.- Eu non vexo que ten que ver todo isto coa Política e a Historia. Eu preferiría seguir co temario.

PROFESOR.- Cando un adestrador che marca os exercicios que debes realizar para fortalecer o corpo non lle discutes. Porque cando dan comezo os exercicios tes a oportunidade de comprobar en ti os resultados. Pois ben, Marta, garantízoche, garantízovos a todos, que isto vai ser como levantar pesas, pero coa mente.

ALEXIA.- Queres dicir que imos ter superpoderes?

(Risas.)

PROFESOR.- Témoste que non imos chegar tan lonxe. Pero creme que a experiencia será interesante. E, digamos que se alguén non queda satisfeito co produto, sempre pode devolvelo.

ISMAEL.- Podemos devolver a nota se non nos gusta?

OMAR.- Iso, podemos cambiar a nota? Queres dicir iso?

PROFESOR.- Faremos algo aínda mellor. Vós mesmos poñeredes as vosas propias notas cando remate o exercicio.

(Bulla de satisfacción e incredulidade na aula.)

ALMA.- E que é o que imos facer?

PROFESOR.- O primeiro que ides facer e chamarme “Señor profesor”, ou “Profesor Neira”.

CAROLINA.- Anda, non vaciles!

AINOHA.- Non podo chamarte “Señor profesor”; sería como tratar cun estraño.

PROFESOR NEIRA.- É a primeira norma e non admito discusión *(Bulla e comentarios.)* Sen discusión, dixen! *(Berra e imponse.)* Dixen que poderíades poñer as vosas propias notas pero só se cumprides co exercicio, con todo o exercicio. *(Diríxese a Ainoha)* Como me chamo?

AINOHA.- Moncho!

PROFESOR NEIRA.- Cómo?

AINOHA.- Profesor Neira.!

PROFESOR NEIRA.- Moi ben. Agora recolocaremos os pupitres en filas rectas. Unha aquí, *(vai indicando e obrigando a colocar.)* outra aquí en paralelo e outra aquí. Mirando nesta dirección. *(Os alumnos non saben se deben obedecer.)* Que estades esperando! Vamos! *(As cadeiras colócanse en paralelo ao público e mirando á esquerda.)* *(Dirixíndose a Samuel)* Pero ti que entendes por unha liña recta?

SAMUEL.- Ai, perdón.

PROFESOR NEIRA.- E agora permitídemme que vos mostre (*escribe na pizarra.*) o “PODER DA DISCIPLINA”. (*Murmurio de cachondeo dalgúns.*) Basta, silencio!. Quero que coloquedes os pés en paralelo, pisando ben, con forza, apoiando toda a planta do pé; as costas dereitas, a cabeza erguida, coma se un cable tirase dela cara enriba. (*Corrixo algunha posición.*) O queixo cara o peito, mirando enfronte! Ben! E agora colocade as mans abertas atrás, sobre a parte inferior das costas. Endereitade esa columna! Así! Esa é a posición., vale? Respirade amodo e profundamente. (*Busca correxir algunhas posición. Algún alumno recea e non permite que lle toque. Hai caras para todo; non parece que ninguén tome isto en serio.*)

OMAR.- Mmmmmmm (*Murmurio de pseudopracer que provoca risos.*) Canto vai durar isto?

PROFESOR NEIRA.- Basta. Agora pechade os ollos. Pechade os ollos! (*Busca atenuar a luz e apaga as luces da clase. Ponlles música clásica. Algúns risos.*) Normalmente o voso corpo en clase está durmido, entumecido, lento,... Pois ben, hai posturas que facilitan a concentración e fortalecen a vontade. Esta é unha delas. Seguíde respirando amodo e profundamente. (*Pausa.*)

OMAR.- Para que facemos esto?

PROFESOR NEIRA.- Carolina, acende a luz. Facémolo para aprender a estar alerta cando nos encontremos co poder.

ALEXIA.- O “poder da forza”, tan-tan-tachán!

LOIS.- Es idiota Alexia. Eu vin o poder. Cando era neno presenciei unha carga policial. Os cascos, os uniformes, as porras e os fusís, o cheiro asfixiante a gas.... Nunca pasei tanto medo!

PROFESOR NEIRA.- O poder sempre asusta, a non ser que o controles. Por eso facemos isto. (*Pausa.*) Agora quero que saíades da aula e que volvades entrar. Vamos! (*O Profesor Neira abre a porta e todos saen divertidos ante o que parece un novo xogo.*) Por favor, un pouco de atención. Agora, cando eu diga, quero que vos sentedes no voso sitio o máis rápido posible. Vouvos cronometrar. (*Saca o móbil e prepáralo para cronometrar.*) Adiante!

(Entran, desorganizados; algúns caen, algún leva de a cabalo algunha rapaza, algún fai a graza de mover a cadeira para derribar ao compañeiro. Cando todos están sentados, o profesor Neira detén o crono.)

PROFESOR NEIRA.- 34 con 8. Pésimo!

SAMUEL.- Tío, acaso non fomos rápidos?

PROFESOR NEIRA.- “Tío”?! Chámame “Tío”?

SAMUEL.- (*Érguese.*) Perdón, perdón, quería dicir profesor Neira (*pronúnciao con algo de sarcasmo*).

ALICIA.- (*Severa.*) Concentración!

(O Profesor Neira asente. Samuel séntase.)

LUCÍA.- *(Protesta.)* É que de socato dis que fagamos estas cousas absurdas e se as facemos axiña o normal é que pase o que pasou.

SAMUEL.- Se nos deixas volver repetilo demostraremosche que somos capaces de facelo!

PROFESOR NEIRA.- Se credes que é posible, adiante!

(Todos saen, divertidos e desexosos de demostralo.)

PROFESOR NEIRA.- Escoitádeme! Agora cando entredes e vos sentedes, quero que o fagades adoptando a posición que vos ensinei, de acordo? *(Prepara de novo o crono.)* Dentro!

(Todos entran, tan rápidos e ansiosos que algúns caen aparatosamente; sobrevén algunha discusión.)

MARTA.- Coidado, idiota!

OMAR.- Non o fixen a propósito!

ALICIA.- Ides estropear todo!

PROFESOR NEIRA.- *(Pacificador.)* Calma, calma. Mirade, empecemos de novo. Tropezar e caer e sinal de falta de concentración.

OMAR.- Pero se non fun eu!

PROFESOR NEIRA.- Sen protestar! *(A todos.)* Outra vez!

(Todos saen; agora non hai risos. Desexan facelo ben e rematar o xogo.)

PROFESOR NEIRA.- *(Na porta, unha vez que todos están fóra, prepara de novo o cronómetro.)* Adiante!

(Todos entran, en silencio, gardando unha rigorosa orde. Acomódanse nas cadeiras, erguidos e coas mans nas costas. Tan só Lois, tira unha libreta ao sentarse. O Profesor Neira recóllea e pona no seu sitio. Detén entón o reloxo.)

PROFESOR NEIRA.- Non estivo ben *(sinala a libreta, agora xa na mesa de Lois.)*, pero si mellorou. O tempo reduciuse e non houbo ningunha catástrofe.

AINOHA.- Podemos mellorar!

PROFESOR NEIRA.- Déixao xa, Ainoha, está ben así.

ALMA.- Non! Fagámolo outra vez, por favor Moncho! Profesor Neira! *(Pausa tensa.)*

PROFESOR NEIRA.- Está ben! Unha última vez!

(Saen con ánimo; queren superar o reto. Non poden fallar. Falan entre eles dándose seguridade. Todos saen e o Profesor Neira queda na porta. Prepara o crono. Pausa breve)

PROFESOR NEIRA.- Adiante!

(Entran novamente ordenados, axiña e moi áxiles; permanece de pé ao lado do asento, cando o último ocupa o seu lugar todos sentan a vez.)

PROFESOR NEIRA.- *(Mira o cronómetro. Avanza serio e sitúase fronte a todos.)* Nove con seis!! *(Orgullosos. Todos o celebran.)*

PROFESOR NEIRA.- Isto é o que a disciplina e a concentración poden facer en tan só uns minutos de traballo. A partir de hoxe, aplicáremolo a todo o que fagamos na clase. Se alguén quere facer unha pregunta ou un comentario, deberá levantar primeiro o brazo e logo poñerase de pé. Non responderei a ningunha cuestión que non se formule seguindo esta regra. Se vos fago unha pregunta, teredes que contestarme de xeito conciso.

ALICIA.- Conciso? Breve, queres dicir? Pero se necesitamos explicarnos....

PROFESOR NEIRA.- Alicia, non vexo que levaras o brazo!

(Alicia obedece. O profesor Neira dálle a palabra.)

ALICIA.- *(Repíte, agora de pé.)* Profesor Neira, se necesitamos dar unha resposta longa para poder explicar o que se quere dicir.... Non sei se me entende? Ás veces resulta que unha palabra....

PROFESOR NEIRA.- *(Cortando.)* Entendín. E esa é exactamente a cuestión: cando eleximos cada palabra, estamos disciplinando a nosa linguaxe.

(Soa o timbre de final de clase. Todos se poñen de pé e se preparan para saír.)

PROFESOR NEIRA.- Eeeh! *(Severo.)* Un momento, un momento!

LUCÍA.- A clase xa rematou!

PROFESOR NEIRA.- *(Moi severo.)* Si pero non vos ides ir dese modo. E se non che importa, Lucía, levanta o brazo cando fales.

MARTA.- Profesor Neira, é a hora de saír.

PROFESOR NEIRA.- Si, Marta, pero non ides saír dese xeito. *(Todos protestan.)* Silencio! *(Imponse. Todos volven sentar.)*

SAMUEL.- Profesor Neira, podemos marchar xa?

PROFESOR NEIRA.- Non vou dicir ningunha palabra mentres non gardedes un silencio absoluto. *(Pausa breve e tensa.)* Quero que vos levantedes todos á vez e que saíades en orde e silencio. Se un só o fai mal, entón obrigareivos a sentar e repetiredes a saída ata que sexa tal e como eu digo! *(Pausa.)* Agora, todos na posición que vos ensinei. *(Fanno.)* Cando vos diga “podedes saír”, poñerédevos en marcha en absoluta orde.

ISMAEL.- Profe, estaste pasando moito!

PROFESOR NEIRA.- Ismael, *(Ameazante.)* teño todo o tempo do mundo.

ALEXIA.- Cala Isma! Veña tío, temos que facelo.

(Todos asomen esta última actitude.)

PROFESOR NEIRA.- *(Colócase nun extremo)* Todos de pé! *(Resoan os golpes de tacón ao unísono. Pausa.)* Podedes saír!

(Saen ordenadamente, en formación, marchan coma unha soa persoa, nunha fileira.)

(O profesor Neira acompaña o último alumno que sae. Miraos cando xa están fóra da aula. Entón pecha a porta e queda só. Óese un estoupido de risos e berros dos alumnos que rompen así a tensión acumulada.)

(O profesor Neira sorri, queda só na aula; comeza a quitar os posters que hai nas paredes. Entón entra Mercedes.)

MERCEDES.- Perdoa Moncho, esquecín a carpeta co traballo. *(O profesor Neira permanece serio e inmóbil impedíndolle o paso.)* Espero que agora non me fagas entrar e saír ou levantar o brazo para recoller unha carpeta. *(Mercedes sorri confiada, pero empeza a dubidar ante a actitude do Profesor Neira.)* Que? Non podo atuarte fóra do horario?

PROFESOR NEIRA.- *(Seco.)* Non deberías! Que esqueceras a carpeta co traballo é unha proba evidente da túa falta de concentración! *(Tras o descoloque que provoca en Mercedes, cambia radicalmente de actitude e ri.)* É broma! *(Mercedes, respira relaxada e vai coller o seu traballo. O profesor cóllege a carpeta co traballo e ponse a miralo.)* Sinto que se perdera a vosa exposición, pero como lle prometín a Alma farédelo máis adiante *(entrégalle a carpeta do traballo.)*

MERCEDES.- Creo que sei o que estás a facer.

PROFESOR NEIRA.- Que queres dicir?

MERCEDES.- Estes exercicios, Moncho, son pola pregunta que fixo Luana o outro día sobre os nazis, non? Todo eso de “a disciplina”, “a concentración”, “o triunfo da vontade”,... Todo iso era a linguaxe deles, non?

PROFESOR NEIRA.- E que pensas exactamente que estou a facer?

MERCEDES.- Non sei! Que o experimentemos? Algo así?

PROFESOR NEIRA.- Penso que pode ser un bo exercicio.

MERCEDES.- Si, é posible. *(O profesor Neira non a deixa saír.)*. Isto é o que na antropoloxía chaman un traballo de campo, non?

PROFESOR NEIRA.- Poderíamos chamarlle así, si. *(Continúa bloqueando a porta.)*

MERCEDES.- Non vou dicir nada, non te preocupes profe! Paréceme unha boa idea. A exposición que preparei con Alma pode esperar.

PROFESOR NEIRA.- Podes facer algo aínda mellor: poderías axudarme!

MERCEDES.- Eu?

PROFESOR NEIRA.- Si, coma unha espía.

MERCEDES.- Coma unha traidora!

PROFESOR NEIRA.- Só é un traballo de clase...

MERCEDES.- Pode resultar divertido. *(Pausa.)* Moi ben, Profesor Neira.

(O profesor Neira abre entón a porta para que poida saír. Mercedes marcha.)

TERCEIRO DÍA: MÉRCORES, 27/4/2016

PODER DO GRUPO.

(Carolina, Alexia e Alicia ensaian para a obra de teatro que van realizar no seu instituto, é un fragmento de A Fundación de Antonio Buero Vallejo.

Carolina coma “Helena”, Alexia coma “Alba” e Alicia coma “a Muller”. Alicia pode ler as acotacións. Entran ensaiando.)

ALBA.- *(Turbada.)* Unha abraiante evidencia. O mundo é xa un verxel... Os seres humanos lograron por fin, amasando angurias e lágrimas...

HELENA.- *(Moi suave.)* Pero aínda hai sufrimento... E moito. Ou non?

ALBA.- *(Vacila.)* Aínda, si. Pero...

MULLER.- Teño fame.

ALBA.- *(A HELENA.)* ...Pero ti tamén o sabes: isto que vemos é o futuro que soñabamos...

MULLER.- Dádeme auga!

ALBA.- *(Sinala a paisaxe.)* E xa é noso!

MULLER.- *(Eleva a voz.)* Por que non me dan de comer e de beber?

ALBA.- A Fundación edifica e constrúe... Vexo desde aquí as súas xentes... Rin baixo o sol da mañá.

MULLER.- *(Máis forte.)* Dille a Helena que me dea de comer!

ALBA.- *(Nerviosa.)* Oíches, Helena?

HELENA.- Rin baixo o sol?

ALBA.- Si. Non sei... están lonxe...

MULLER.- ¿Por que comedes a miña ración?

ALBA.- Helena! Se non respondes a esa pregunta, o pesadelo dos antropoides aínda non rematou!

(Alicia “sae” do personaxe.)

ALICIA.- Basta. Ninguén vai entender esta obra.

CAROLINA.- “O pesadelo dos antropoides”. Vaia frase.

ALEXIA.- Pois a min gústame o teatro de Buero.

(Aparecen Samuel, Alma e Ainoha.)

SAMUEL.- Mirade o que trouxen. *(Mostra un rato de mentira.)*

AINOHA.- Quere asustar a Lucía.

ALMA.- Aí ven.

(Lucía, que vén detrás soporta a falcatruada co rato. Samuel, Ainoha e Alma escapan perseguidos por Lucía e van á clase; comentarios sobre a limpeza das paredes que xa non amosan carteis nin posters. Van entrando todos.)

(Marta e Darío veñen falando dos exercicios para disciplinar o corpo.)

MARTA.- Ese é coma todos, vai de profe guai pero, logo que? Mira toda esa merda que nos obrigou a tragar: “Senta dereito”, “concentración”, “respira”, Darío, por favor!

DARÍO.- Non tía, estivo ben! Onte, cando volvía a casa sentado no autobús, probei a postura, e sabes que? Funciona. Sentes o corpo mellor tendo as costas dereitas; dá gusto.

MARTA.- Non me estarás a dicir que cres nesas chorradas!

(Omar e Ismael aparecen e escoitan a conversa.)

OMAR.- A min paréceme que non é nada malo; e resulta divertido.

DARÍO.- E quen che pediu opinión?

OMAR.- Doucha eu, e completamente gratis, parvo.

MARTA.- *(Mediando.)* Ben, si que é divertido, Darío.

DARÍO.- Pero o importante é que funciona. A min funcionoume no autobús.

(Van entrando na clase. Chega Lois que tamén entra.)

ISMAEL.- A ver, que queres dicir con iso de que “funciona”? O que “funciona”?

DARÍO.- Que vai ser,... a concentración e esas cousas das que falou.

CAROLINA.- Pero si eso é un conto de psicoloxía barata: “encóntrate a ti mesmo”, “atopa a túa enerxía”, “o poder”... Eu creo que Moncho ultimamente toma algo.

MARTA.- *(Rindo.)* Entón esa é a explicación!

DARÍO.- Non digades estupideces!

ALEXIA.- Eu penso que é un tipo valente e comprometido!

LOIS.- O outro día saíu en defensa dos que amoestou a Dirección por facer folga contra a Lei Mordaza.

CAROLINA.- Pero se a min tamén me cae moi ben; eu tamén estou contra esa Lei facha.

LUCÍA.- Oxalá houbera máis profesores coma el.

SAMUEL.- A min non me gustan eses radicalismos políticos, pero gústame como ensina Moncho.

AINOHA.- As súas clases son as mellores do insti.

SAMUEL.- E eses exercicios que facemos..., somos coma un exército!

MARTA.- Din que é un bo adestrador de baloncesto, pero a min abúrreme estar erguéndome e sentándome todo o tempo.

OMAR.- Hostiá! É mellor que facer exames!

ALICIA.- Xa, pero é que calquera cousa é mellor que iso.

DARÍO.- Si pero para facer exames hai que aprender a ler e escribir...

OMAR.- Mira se che fundo os ollos a couces, tamén saberás ler?

ISMAEL.- Decide o que vos pete pero eu non sei se vou aguantar estas gilipolleces moito tempo.

ALMA.- E que vas facer? Pór un plátano no chan para que esvare, caia e se lesione ocasionando baixa?

ISMAEL.- Pois mira, é unha idea. Non sei, pero algo vou facer....

TODOS.- Uuuhhhhhhhhh

(Entra Mercedes. Non responde aos saídos dos compañeiros; mira a todos con ollos de sorpresa e de amoestación. Vai sentar. Senta adoptando a actitude corporal que ensinou o profesor Neira.)

CAROLINA.- *(Vai onde Mercedes e dálle un “toque”).* Pero, pódese saber que estás a facer?

MERCEDES.- A clase vai comezar; estou en posición.

CAROLINA.- Que merda estás dicindo?

MERCEDES.- Imos pór nós mesmos as notas, non si? Pois eu quero un dez!

ALMA.- Mercedes ten razón!

(Todos corren a sentarse en posición . Soamente Carolina e Ismael non o fan.)

ISMAEL.- Non podo crer que sexades tan estúpidos.

LUCÍA.- *(Saca o móbil e prepáralo para facer unha foto.)* Non vos movades!

PROFESOR NEIRA.- *(Entra o profesor Neira. Mira abraiado e contento a colocación disciplinada de case todos os seus alumnos.)* Bos días! Parece que me estades tomando en serio. *(Risas.)*

MERCEDES.- *(Levanta o brazo pedindo permiso e érguese para falar.)* Imos continuar os exercicios de onte, profesor Neira?

PROFESOR NEIRA.- Por suposto, en canto Carolina e Ismael teñan a ben sentar de xeito adecuado. *(Obedecen.)*

(Samuel levanta o brazo para falar.)

PROFESOR NEIRA.- Dime, Samuel.

SAMUEL.- Profesor Neira, imos seguir, entón, coa disciplina?

PROFESOR NEIRA.- A disciplina seguirá con nós, pero temos que avanzar. Unha persoa disciplinada pode chegar lonxe ela soa; pero se suma o seu esforzo ao doutros o seu logro será moito máis grande. Poñédevos de pé! *(Todos se erguen.)* Afrouxade os ombreiros movendo relaxadamente os brazos. Tamén as pernas. *(O profesor Neira realiza o movemento que os alumnos imitan divertidos.)*

AINOHA.- *(Divertida e sorprendida.)* Pero de que vai isto?

PROFESOR NEIRA.- Agora batede ritmicamente o chan cos pés. (*Todos o imitan.*)
Á par. Con forza!

AINOHA.- (*Xa cansa.*) Canto tempo imos seguir así?

PROFESOR NEIRA.- Temos que conseguir o mesmo ritmo! (*O estrondo retumba en toda a sala. O ritmo aumenta.*) Hai algo máis: embaixo está o xefe de estudos en clase de matemáticas con outro grupo do voso curso. (*Entón anímase máis co ritmo e os golpes.*) Ben, basta, basta. (*Van parando.*) Sentade. Isto foi unha introducción ao que hoxe quero ensinarvos: (*vai a pizarra e escribe.*) Poder do **G R U P O**. Define esa palabra, Alexia.

ALEXIA.- “grupo”, pois (*ergue o brazo, levántase.*), pois , un grupo é cando hai moita xente nun mesmo sitio, non?...., cando....

PROFESOR NEIRA.- (*Cortando.*) A túa resposta é imprecisa. Ainoha?

AINOHA.- (*Érguese para contestar*) Un grupo é unha comunidade de persoas, profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Eso é. Unha comunidade de xente que, independentemente do seu número, conecta a individuos diferentes porque traballan xuntos e loitan xuntos. Un grupo é a forza de todos os individuos posta en común. É completar o “eu” cun “nós”.

ALMA.- (*Protestando porque lle tiran do pelo.*) Samu basta!

PROFESOR NEIRA.- (*Realiza un sinal para que todo volva á orde.*) Por certo Ismael, teño entendido que a nota do teu último exame de matemáticas non foi demasiado boa.

ISMAEL.- Tiven un par de erros.

PROFESOR NEIRA.- (*A Ismael.*) Alicia é moi boa en matemáticas, poderías pedirlle que te axude. Ti axudarías a Ismael, Alicia?

ALICIA.- Eu? Non sei se podo facelo.

PROFESOR NEIRA.- Pensa, cunha mínima axuda pola túa parte el aprobará a materia.

ALICIA.- Non estou segura de saber facelo.

PROFESOR NEIRA.- Claro que sabes facelo! E, do mesmo xeito, outros te axudarán no que necesites.

ISMAEL.- Eu non quero que me axude.

PROFESOR NEIRA.- Dis algo Ismael? Non vin que levantas o brazo nin que me falaras de xeito adecuado. (*Ismael ergue o brazo.*) Di Ismael.

ISMAEL.- Profesor Neira, non necesito a súa axuda.

OMAR.- (*Brazo en alto.*) A min viríame moi ben, profesor Neira.

LOIS.- (*Brazo en alto.*) E a min tamén, Profesor Neira.

LUCÍA.- (*Brazo en alto.*) E a min porque como volva suspender matemáticas o meu pai mátame.

PROFESOR NEIRA.- Ves Alicia, tres compañeiros teus necesitante. Agora que o penso, quizais che moleste que alguén saque notas tan boas como as túas. Eso sería mesquiño.

ALICIA.- Non é iso.

PROFESOR NEIRA.- Entón por que dubidas? Eles logo axudarante.

ALICIA.- Non creo que eles poidan axudarme.

PROFESOR NEIRA.- Que necesitas? Seguro que hai alguén aquí que che pode dar o que che faga falta. Esa é a virtude de formar parte dun grupo! Se nos axudamos seremos moito máis fortes.

ALICIA.- Teño que volver a casa tan axiña rematen as clases e non me deixan levar a ninguén. Na miña casa...ben, os meus pais son un tanto especiais.... Non poden facer nada para axudarnos.

LOIS.- Podes facelo aquí, na hora do recreo, na biblioteca, ou os luns cando quedas a comer.

LUCÍA.- Necesito aprobar mates, Alicia.

ALICIA.- En serio, os meus pais son moi severos; gustaríame axudarnos pero non teño tempo!

PROFESOR NEIRA.- Non se trata de ti, Alicia, se non de todos nós, de todos nós como grupo. Dime que podo facer por ti e, se está na miña man, fareino. Pero ti deberás facer o mesmo polos demais!

MARTA.- Profesor Neira, eu podo axudar na clase de Ximnasia a quen o necesite.

PROFESOR NEIRA.- Ben, Marta.

LOIS.- Profesor Neira, eu son bo en Literatura; axudarei a quen mo pida.

PROFESOR NEIRA.- Magnífico, Lois. (*Lucía levanta o brazo.*) Lucía?

LUCÍA.- Vexo moito a tele profesor Neira. Se alguén necesita saber algo sobre algún programa entón eu son a persoa adecuada.

PROFESOR NEIRA.- Non é gran cousa, pero é unha axuda.

ALMA.- (*Levanta o brazo eponse de pé.*) Colaboro nos dous blogs do insti, profesor Neira, pode que eso sexa útil nalgún momento.

SAMUEL.- (*Levanta o brazo ansioso.*) Profesor Neira! A miña casa é moi grande e temos unha habitación libre preto do garaxe. Os meus pais non poñerían pegarse se alguén quere ese espazo para estudar, reunirse ou montar unha festa. Podedes contar con iso.

PROFESOR NEIRA.- Ben, son unha ofertas estupendas. Entón que, Ismael?

ISMAEL.- Prefiro pensalo.

PROFESOR NEIRA.- De acordo. O traballo, debes saber, fainos libres. E se vos axudades seredes máis eficaces. Moi ben.

ISMAEL.- (*Levanta o brazo.*) Podo facer algo polo grupo: podo ensinarvos a xogar ao xadrez.

PROFESOR NEIRA.- Moi ben, Ismael, moitas grazas!

ISMAEL.- (*Érguese.*) É un xogo moi simple. Consiste en matar o rei do xogador contrario; para iso (*sarcástico e provocador.*) hai que sacrificar os peóns. (*Mira desafiante ao profesor Neira que tamén lle mantén a ollada.*)

PROFESOR NEIRA.- Todos os grades xogos, os máis interesantes, esixen un sacrificio. Podes sentar, Ismael. Ben, agora somos un grupo! (*Todos, salvo Ismael, sentan adoptando a postura que o profesor Neira lles ensinou.*) Únenos algo máis que pasar unhas horas á semana na mesma aula. A partir de hoxe, cada un de vós seredes especial para os demais. Mirádevos! É como se pertenceramos á mesma raza, tiveramos a mesma relixión, o mesmo sangue; son os vosos irmáns de sangue! (*Darío levanta o brazo.*) Si, Darío.

DARÍO.- (*Érguese.*) A mesma raza? (*Mira a Omar*) A mesma relixión?

PROFESOR NEIRA.- (*Realiza un xesto de asentimento e comprensión.*) Omar, en pé, por favor. (*Omar érguese. Darío senta.*) Canta veces che chamaron “mouro” desde que estás no instituto?

OMAR.- (*Sorprendido e descolocado.*) Como?

PROFESOR NEIRA.- O que oes. Mouro? Mohamé? Aladín? Que é o peor que che chamaron? Algunha vez che dixeron “marroquí de merda”? ”Árabe fillo de puta”?

OMAR.- (*Nervioso.*) Profesor Neira, non sei por que me insulta!

PROFESOR NEIRA.- Non pretendo insultarte Omar!

OMAR.- Como que non, profesor Neira!?

PROFESOR NEIRA.- Tranquilo, Omar, tranquilo! Mira, Lois e Lucía, *os hispanos*; Samuel, *o gai*; Carolina, unha snob, “*a miña nai é inglesa*”; Alma e Ainhoa, *as super pijas*; Marta, “*esa sempre vai de chándal porque non ten cartos para gastar en roupa*”; Mercedes, “*uhna da aldea*”

Eso é o que din de nós individualmente. Pero nós somos un grupo! Ti Omar, formas parte deste grupo, así que se acabaron os insultos, xa non hai etiquetas: somos unha comunidade! Se alguén de nós corre algún tipo de perigo, haberá que axudalo de inmediato. A falta de respecto ao propio grupo será penalizada. A negligencia, a vagancia, a indiferenza, serán penalizadas! Darío, se alguén se mete con Omar por cuestión da súa orixe, deberás dicirno de inmediato. É un encargo persoal! E se o causante da ofensa a Omar, ou a calquera outro, é un membro do noso grupo será automaticamente expulsado! Queda claro?

(*Darío asente.*) Compreendedes todos o que acabo de dicir? (*Todos asenten; Ismael non.*) Ti compréndelo, Omar?

OMAR.- Si profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Podes sentar, Omar, grazas.

LOIS.- (*Levanta o brazo; o profesor dá permiso; érguese.*) Profesor Neira, necesitamos un nome para o grupo!

PROFESOR NEIRA.- Tes razón! Tes pensado algún?

LOIS.- Pois, ¿que tal “A Compañía”?

PROFESOR NEIRA.- ...de seguros? (*Chiste malo que busca distender.*) Un pouco comercial, non che parece? Veña en serio.

AINOHA.- “Os visionarios”.

LUCÍA.- “O lóstrego”.

SAMUEL.- “A milicia”.

ALEXIA.- “Os radicais”.

MARTA.- “Os raros”.

SAMUEL.- “O músculo do poder”.

ALMA.- “A familia”.

DARÍO.- “A onda”.

CAROLINA.- “A escuridade”.

PROFESOR NEIRA.- Un momento. Cal foi o nome que dixeches Darío?

DARÍO.- “A Onda”. É símbolo para min da forza do mar, da enerxía da natureza....

ALMA.- Encaixa á perfección. É bo.

PROFESOR NEIRA.- É perfecto. Propóño-vos que ese sexa o noso nome. Que vos parece? (*Todos asenten e parecen de acordo. Luana levanta o brazo.*) Si, Lois?

LOIS.- Creo que o nome está moi ben pero non me parece que exprese forza, ou ese poder de grupo que vostede quere, profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Pode ser. Que máis necesitamos?

AINOHA.- (*Inspirada.*) Un saúdo. Precisamos un xesto que nos identifique.

ALEXIA.- Boa idea! Así, a partir de hoxe, todos os membros do noso grupo nos saudaremos sempre que nos encontremos, dentro ou fóra da aula.

AINOHA.- Será unha fórmula de recoñecemento.

PROFESOR NEIRA.- E de respecto mutuo.

ALEXIA.- Que vos parece este xesto? (*Figura coa man dereita, colocada á altura da cara, a figura dunha onda. Todos a imitan.*)

PROFESOR NEIRA.- Magnífico Alexia. Póndevos de pé! (*Todos se erguen coma se fosen un. Taconazo do profesor e xesto coa man.*) Quero o voso saúdo, AGORA somos a ONDA!

(*Taconazo de todos á vez e saúdo co brazo. Lucía confunde o brazo e corrixe.*)

PROFESOR NEIRA.- Alexia, quero que repitas o noso lema: Poder da Disciplina....

ALEXIA.- (*Cortándolle.*) Poder da Disciplina

PROFESOR NEIRA.- (*Corta cun xesto, mostrando que debe esperar a que diga toda a frase.*) Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

ALEXIA.- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

PROFESOR NEIRA.- Ben agora Samuel e Alexia.

SAMUEL e ALEXIA.- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

PROFESOR NEIRA.- Ben agora toda a vosa fila.

A FILA CENTRAL .- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

PROFESOR NEIRA.- Ben agora todos vós.

A FILA DA ESQUERDA.- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

PROFESOR NEIRA.- Ben agora vós.

A FILA DA DEREITA.- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

PROFESOR NEIRA.- Ben agora todos.

TODOS.- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

PROFESOR NEIRA.- Unha vez máis.

TODOS.- Poder da Disciplina, Poder do Grupo!

(Soa o timbre de remate de clase. Todos en silencio. Todos en pé, inmóbiles co brazo en xesto de saúdo.)

ALEXIA.- Profesor Neira, que faremos na seguinte clase?

PROFESOR NEIRA.- *(Sorri. Baixa o brazo e desfai o xesto de saúdo. Ponse nun lateral.)* Á miña orde podedes ir saíndo. *(Todos preparan as mochilas e recollen as súas cousas.)*

AINOHA.- Profesor Neira, parécelle ben que o sumemos ao grupo de whatsapp de clase? Eu son a administradora e o primeiro que vou facer e porlle o noso nome: a Onda.

PROFESOR NEIRA.- Que me integres paréceme ben. *(Garabatea un número nun papel e dállo.)* Toma, o meu número de móbil. No demais, agarda que avance o noso exercicio. Ismael, ti queda comigo, por favor. *(Ismael desespérase, pero permanece firme.)* Podedes saír. *(Saen en orde e en fila. Xa fóra, falan e quedan ou se despiden. Hai xestos de simpatía para con Omar.)*

PROFESOR NEIRA.- Apetéceche unha partida? *(A Ismael)*

ISMAEL.- Non, apetéceme marchar para casa.

PROFESOR NEIRA.- Non corres perigo; xamais gañei.

ISMAEL.- Que pensa, que lle teño medo? O que pasa é que non teño ganas de xogar con vostede.

PROFESOR NEIRA.- Por que estás poñendo tantos problemas?

ISMAEL.- Xa o sabe: quero a miña clase normal. Matriculeime nunha materia de introdución ás CC. Políticas, non de teoría dos boi-scouts!

PROFESOR NEIRA.- Os teus compañeiros encontran interesante o que estamos a facer.

ISMAEL.- Eso non significa nada. A moitos aquí pódeseles medir o coeficiente intelectual cun termómetro. *(a partida de xadrez avanza)* Xoga vostede fatal, profesor Neira. *(Come unha peza.)*

PROFESOR NEIRA.- É posible, pero ti, sendo tan intelixente, non o fixeches nada ben no último exame de matemáticas.

ISMAEL. Xa lle dixen que foi un mal día; aprobareino sen problemas a próxima vez, e desde logo sen axuda de ninguén.

PROFESOR NEIRA.- O divorcio dos teus pais tivo que ser traumático.

ISMAEL.- E a vostede que lle importa a miña vida privada; agora dedícase a espiarme.

PROFESOR NEIRA.- Non! Impórtanme as túas notas! Cando o cerebro máis brillante da clase se atasca teño a obriga de preocuparme.

ISMAEL.- (*érguese.*) Podo marchar xa?

PROFESOR NEIRA.- Aínda non me gañaches. (*Ismael apura as xogadas e volve comer outras pezas.*) Propóñoche unha cousa: xa que non che gusta o que facemos, impídeo! Se es capaz de conseguir que os teus compañeiros se rebelen contra “A Onda”, poñereiche a cualificación máis alta ao final do curso.

ISMAEL.- Como vou facer iso?!

PROFESOR NEIRA.- (*Serio.*) Ti es o listo, non? Supoño que podes planear algo.

ISMAEL.- Non teño ningunha posibilidade de gañar, son eu só contra todos. Ademais vostede é o Profesor. Pode cambiar as regras cando lle peta? Eso é inxusto!!

PROFESOR NEIRA.- Ti tamén podes facelo. Mentres eu non o vexa.... Por outra parte, sei que non estás só; a Mercedes non lle gusta nada o exercicio.

ISMAEL.- A Merche? Pero se disfruta!

PROFESOR NEIRA.- Pode ser que moitos dos teus compañeiros non sexan tan parvos coma ti pensas. (*Mira o xogo.*) Se non me equivoco, acabas de darme un xaque mate. (*Ismael asente.*) Moi ben, agora podes marchar. Tes a fin de semana para pensar na miña proposta. (*Ismael recolle o xadrez, non sen antes derrubar ao rei. O profesor Neira saúda. Ismael devolve o saúdo e sae.*)

CUARTO DÍA: VENRES, 29/4/2016

PODER DA ACCIÓN.

(Música ambiente. Lucía, Samuel, Ainoha e Alexia chegan cedo a clase. Instálanse e falan sobre uns debuxos que hai nus papeis. Levan camisa branca e pantalóns ou saia de cor azul vaquero. O profesor, que tamén chega cedo, sorpréndeos na aula. Ao verse, érguense e saúdanse conforme pide o grupo.)

LUCÍA.- Profesor Neira, xa é a hora?

PROFESOR NEIRA.- Non, non, tranquilos. Vin antes porque quería resolver unhas cuestións. Pero alégrome de vervos. De feito quería falar con vós polo exercicio de clase.

SAMUEL.- Quería falar con nós?

AINOHA.- Vexo que estivo atento ao whatsapp!

PROFESOR NEIRA.- Pareceume unha idea boísima. Nada identifica máis un grupo que vestir un uniforme.

ALEXIA.- Non sei se todos virán conforme dixemos.

SAMUEL.- Cando falamos quedou claro que a roupa identifícanos; e se iso é o que queremos....

LUCÍA.- A Onda ten que ser visible! Poder do Grupo!

SAMUEL.- Profesor Neira, precisamente estabamos reunidos para escoller un símbolo e así potenciar aínda máis a nosa comunidade.

AINOHA.- Mire o que pintou Lucía. Eu deille algunhas ideas. Non podería ser a insignia do noso grupo?

PROFESOR NEIRA.- Oe, isto é moi bo. Non sabía que debuxaras tan ben. *(Lucía colle o folio co debuxo da man do profesor Neira e dálle a volta para así correxir o sentido do trazo.)* Gústame moito, e isto proba que non me equivocaba ao pensar en vós.

ALEXIA.- Necesita algo de nós, profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Si, sentádevos por favor. *(Sentan.)* Quero pedirvos axuda. Penso que sodes os que mellor estades entendendo o exercicio sobre o noso grupo, a Onda. *(Os alumnos míranse entre si orgullosos.)* E por iso conto con vós para que axudedes a Ismael..

SAMUEL.- A ese! *(Ainoha recrimínalle as formas. Samuel levanta a man e o profesor Neira asente para que fale. Érguese.)* A Isma non lle gusta que o axuden, profesor Neira.

ALEXIA.- É certo. Ás veces é moi orgulloso.

SAMUEL.- Ás veces? Sempre, profesor Neira!

AINOHA.- El pensa que é mellor que calquera de nós.

LUCÍA.- Que podemos facer nós por Isma?

PROFESOR NEIRA.- Ismael está pasando por un momento persoal difícil... *(titubea.)* polo asunto dos seus pais. Quero que o acompañedes, e que esteades con el fóra de clase; que se sinta ben no grupo. Que saiba que o necesitamos e que aprenda o moito que nos necesita.

ALEXIA.- Faremos todo o necesario profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Pero por favor, sede discretos; é moi importante.

LUCÍA.- Pode confiar en nós, profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Grazas.

(Entran o resto dos alumnos. Sorpréndense ao ver que o profesor Neira e outros compañeiros xa estaban en clase. Saúdo. Mentres soa o timbre. Todos se dirixen aos seus asentos, colócanse e sentan á vez, coma se fosen un. Todos levan camisa branca, salvo Carolina.)

PROFESOR NEIRA.- Tranquilos, non chegastes tarde. Fun eu que vin cedo para resolver uns asuntos.

(Chega Ismael . Saúda. Todos se erguen e saúdan. Volven sentar, como se fosen unha soa persoa. O profesor fai un leve xesto de sorpresa e admiración.)

PROFESOR NEIRA.- Quero mostrarvos algo. *(Colle uns papeis da carteira.)* Ah, Lucía, Samuel, Ainoha e Alexia estiveron traballando nunha insignia para o noso grupo. *(Lucía érguese e leva ao profesor Neira o papel coa insignia debuxada. O profesor Neira faille un xesto para que a mostre a todos. Todos asenten e parecen conformes.)* Chega no momento adecuado. *(Repara na camisa de Carolina.)* Vexo que non todas teñen whatsapp...

LUCÍA.- A Carolina non lle senta ben a cor branca. *(Risas.)*

CAROLINA.- Non é iso. *(Frea ante o aceno do profesor Neira. Levanta o brazo e érguese para falar.)* Non vexo porque teño que dar explicacións por unha estúpida camisa.

MERCEDES.- *(Levanta o brazo e érguese para falar.)* Caro, quedamos en que íamos colaborar. *(Senta.)*

CAROLINA.- Estou nun instituto, non nun colexio de monxas!

PROFESOR NEIRA.- Os uniformes están en todas partes: no Gadis, no Corte Inglés, lévanos azafatas, policías, médicos... Incluso os traxes son un tipo de uniforme. E o que ti levas posto, non é iso un tipo de uniforme? Así pertences a un grupo.

CAROLINA.- Pode ser... Pero o uniforme elimina toda individualidade. *(Senta.)*

LOIS.- *(Levanta o brazo e érguese para falar.)* Pero así non tes que pensar que vas poñer. *(Senta.)*

MARTA.- *(Polo baixo.)* Ese problema non o teño eu!

PROFESOR NEIRA.- *(Ignorando a Carolina e o debate.)* Decía que a nosa insignia chega no momento adecuado, igual que a elección da nosa forma de vestir, porque estiven traballando esta noite nisto: unhas tarxetas de acreditación. Hai un carné para cada un, e só os membros da Onda terán dereito a posuílos. Pero

logo falaremos . Agora quero engadir ao noso exercicio un novo concepto (*vai á pizarra e escribe.*): “Poder da ACCIÓN”

É moi fácil ter ideas brillantes, pero o difícil é poñelas en práctica. Na ACCIÓN, a Disciplina e o sentido pertenza ao Grupo encontran todo o seu sentido, e vólvense reais.

Alicia! (*Aliciaponse de pé.*) Xa empezaches a axudar aos teus compañeiros coas matemáticas?

ALICIA.- Non, aínda non...

PROFESOR NEIRA.- (*Cortando.*) Por que?

ALICIA.- É que ninguén me dixo nada!

PROFESOR NEIRA.- Lucía, Omar, Lois! Por qué non quedastes?

LOIS.- Ben, supoño que esperabamos que fose ela a que avisara...

ALICIA.- Eles non insistiron

(Luana, Omar e Lois enfádanse e comezan unha discusión contra Alicia erguéndose e aproximándose a ela.)

PROFESOR NEIRA.- Basta! Basta! (*Berra e logra orde e silencio. Está moi enfadado. Todos volven sentar nos seus postos.*) Que gañamos botando a culpa aos demais? Onde vai a vosa responsabilidade?

LUCÍA.- Eu fixen o emblema do grupo!

SAMUEL.- Egoísta! Que non traballaches a idea ti soa!

PROFESOR NEIRA.- Basta! O emblema está moi ben, pero non substitúe o resto dos compromisos! (*Alma levanta o brazo para falar.*) Di, Alma.

ALMA.- (*Érguese.*) Profesor Neira, avisei os equipos de redacción dos blogs do noso centro para que saiban que vou redactar un artigo sobre A Onda. Empezei a redactar onte a noite.... Un pouco.

PROFESOR NEIRA.- (*Cambia a súa cara seria por un xesto de satisfacción.*) Moi ben, Alma. (*Alma séntase.*) Isto é a ACCIÓN. Unha onda no mar está sempre en movemento, é pura enerxía. A nosa Onda só se moverá cando vos movades! E agora apartade os pupitres e formade un círculo. Vamos!

(Apartan os pupitres e forman un círculo co profesor Neira no centro. Leva un balón de baloncesto que colleu segundos antes.)

Veña movédevos en círculo. Cun pouco máis de ritmo. Darío, imaxina que isto é o mundo (*Mostra o balón mentres o sostén coa man en alto.*) e que tes o poder de transformalo nun mundo novo e mellor. Que farías? Empregarías ese poder ou gardaríalo para ti?

DARÍO.- Cambiaría o mundo, si. Faría cousas!

PROFESOR NEIRA.- Que cousas?

DARÍO.- Non sei, axudaría á xente.

PROFESOR NEIRA.- Pensas que o poder da nosa Onda é suficientemente bo como para compartilo con outros? (*Lánzalle o balón cun bote no chan.*) Compartilo máis aló da nosa aula?

DARÍO.- Si, estaría ben.

PROFESOR NEIRA.- Bota o balón e dime porque é suficientemente bo como para compartilo.

DARÍO.- (*Bota o balón.*) Por, por.... a disciplina! (*E lanza o balón ao profesor Neira.*) Está moi ben iso que vostede nos ensinou. Mire a outra tarde no autobús....

PROFESOR NEIRA.- (*Cortando.*) Falas moito! Bota o balón, di unha palabra e pásao; o que recibe o balón , que ten que facer?

TODOS.- O mesmo!

PROFESOR NEIRA.- Vamos, logo: acción! (*Lanza o balón a Darío de novo.*)

DARÍO.- (*Bota*) Disciplina! (*Lánzallo a Omar*)

OMAR.- (*Bota*) Grupo! (*Lánzao a Ismael.*)

PROFESOR NEIRA.- Non! Así non! (*Colle o balón.*) Esas palabras ensinéivolas eu. Quero que penses as vosas. Acción! (*Lanza ao aire e no medio do grupo. Cólleo Omar, que llo pasa “educadamente” a Alicia*)

TODOS.- (*Bulla e cachondeo*)

ALICIA .- (*Bota.*) Confiar! (*Pasa a Omar.*)

OMAR.- Orde!

AINOHA.- Ensinanza!

MARTA.- Unión!

ALICIA.- Debuxar!

(Ismael enfádase e colle o balón.)

ISMAEL.- Debuxar? Como debuxar?

MARTA.- É correcto. Expressa o que é bo para ela! Veña, move o balón!

PROFESOR NEIRA.- É así Ismael. Vamos! Para que serve pertencer a Onda? Para que che serve a ti?

ISMAEL.- Protestar! Rexeitar! (*Omar quitalle o balón.*)

OMAR.- Aprobar!

ALEXIA.- Valentía!

DARÍO.- Natureza!

LOIS.- Opinar!

MERCEDES.- Realización!

CAROLINA.- Evadirse!

LUCÍA.- Divertirse! (*O ritmo increméntase.*)

ISMAEL.- Adrenalina!

SAMUEL.- Conquistar!

MARTA.- Revolución!

ALMA.- Gañar!

AINOHA.- Amigos!

LOIS.- Escribir!

MARTA.- Participar!

CAROLINA.- Atacar! (*O ritmo incrementase.*)

ALMA.- Derrotar!

ISMAEL.- Machacar! (*Paran.*)

OMAR.- Pero por que non facemos as clases así?!

LOIS.- Se estudar fora sempre así algúns non faltarían a clase todo o que faltan!

PROFESOR NEIRA.- Isto que facemos é estudar. Ti que pensas Ismael? (*Pausa e silencio.*)

ISMAEL.- Un pouco de ritmo sempre vén ben.

PROFESOR NEIRA.- É a acción o que sempre vén ben. Non pensedes que ides levar facilmente un sobresaliente; queda moito traballo por facer. (*Colle o balón.*) Poñede os pupitres no sitio!

(Colocan e ordenan a aula de novo; agardan de pé nos seus postos.)

Ben, agora que xa sabedes.... Sentade, por favor. (*Sentan.*) E agora que xa sabedes porque a Onda é boa para todos, o seguinte paso é estender este mundo bo é mellor.

Samuel, Lucía e Alexia! (*Érguense.*) Quero que debuxedes a nosa insignia nun tamaño máis grande e utilizarémola así para adornar a nosa clase. Pensade outras posibilidades e facédenos propostas.

LUCÍA.- Poderíamos estampar a nosa insignia na roupa!

SAMUEL.- Debería figurar nos nosos carnés!

PROFESOR NEIRA.- Lois! (*Érguese.*) Escribe unha lista de libros de obrigada lectura para un membro da Onda. Terás que xustificar a túa elección título por título.

Ismael! Senta no sitio de Mercedes. (*Sorprendido, Ismael vai coas súas cousas a ocupar o sitio de Mercedes que, sorprendida e turbada, vai a ocupar o lugar de Ismael ao final da clase.*) Ismael! (*Érguese.*) Debes facer unha ficha cos datos persoais de todos e cada un dos membros da Onda: dirección, teléfono, data e lugar de nacemento, nome dos pais... Todo memorizado! Nada de papeis! Carolina! (*Érguese.*) Ti axudarás a Ismael para que cumpra o seu cometido.

Darío e Marta! (*Érguense.*) Deseñade unha táboa de exercicios físicos específica para o noso grupo.

Alma, Mercedes e Ainoha! (*Érguense.*) Redactade un manifesto de presentación do grupo; un texto que resuma o espírito da nosa comunidade e as súas intencións. Axiña nos daremos a coñecer e deberemos difundilo polas redes sociais.

Omar e Alicia! (*Érguense.*) Encoméndovos unha misión delicada: non debes permitir a entrada nesta aula a ningún estudante que non pertenza á Onda.

ALICIA.- (*Pide permiso para falar.*) Profesor Neira, gustárame ceder o meu posto a Omar.

PROFESOR NEIRA.- Grazas Alicia. (*Alicia e Omar cambian de sitio.*) Hai unha tarefa para todos: a Onda debe crecer. Cada un de vós deberá buscar como mínimo un novo candidato para integralo no grupo.

(Protestas airadas de case todos; érguense e aproxímanse ao profesor Neira. Mercedes e Carolina permanecen sentadas.)

Posición! (*Berra o profesor, e todos calan e se poñen firmes.*) Que significa isto? Buscaredes persoas fiables, que coñezan e respecten as nosas regras. E só eu poderei conceder a autorización final. Está claro?

TODOS.- Si, profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Sentade. (*Todos van aos seus postos e sentan á par.*) Empezaredes polo propio instituto e, cando eu diga, fóra del. Mentres, non quero que faledes do noso grupo con ninguén alleo ao noso centro. Cada un será responsable da xente que traia á Nosa Onda.

(Samuel levanta a man.)

PROFESOR NEIRA.- Si, Samuel.

SAMUEL.- Profesor Neira, os novos, aqueles que traíamos, tamén terán un carné coma o noso?

PROFESOR NEIRA.- Paréceche incorrecto?

SAMUEL.- Sinceramente, si. Nós puxemos en marcha a Onda. Paréceme ben compartir, pero nós somos... somos a orixe! Enténdeme?

(Omar levanta a man. O profesor Neira permítelle falar.)

OMAR.- Samuel ten razón; a idea foi nosa, non? Darío inventou o nome!

DARÍO.- Pero foi o profesor Neira quen empezou co exercicio. (*Érguese.*) Pero qué vos preocupa? Que máis dá? Se imos compartir, non ten sentido establecer diferenzas. Non?

ALICIA.- Non, non, Samuel e Omar teñen razón: compartir non é regalar.

LOIS.- En todas as partes os que chegan primeiro poñen as normas.

MARTA.- No exército, incluso no goberno todo funciona por escalafóns!

PROFESOR NEIRA.- Sentade.

MERCEDES.- (*Levanta o brazo e érguese.*) E vostede que opina profesor Neira?

(Pausa.)

PROFESOR NEIRA.- Opino, que se son eu quen toma as decisións difíciles, o grupo non sería gran cousa e entón terei que volver pensar se debo permitir que sexades vós... *(Mercedes senta con enfado. Non é a resposta que esperaba.)*

...que sexades vós quen poñades as vosas propias notas.

ALMA.- Debemos votar!

ISMAEL.- *(Sorprendentemente enérxico.)* Non! Non é necesario votar! Samuel ten razón! Non temos nada que discutir. Hai verdades esenciais e unha delas é que a Onda naceu nesta aula. Non é unha opinión, é un feito que calquera que se agregue ao noso grupo deberá aceptar sen discusión. E se non o fai, non entrará! *(Aplausos de todos, salvo de Mercedes, Carolina, Alma e Darío.)* Alma, Mercedes e Ainoha estaría ben que empezaredes así o noso manifesto.

MERCEDES.- E se non estivésemos de acordo? Desde logo eu non estou de acordo!

ISMAEL.- Entón deberías explicar a todos por que? Non podes cuestionar o que é obvio!

ALMA.- Non creo que sexa necesario que discutamos así.

CAROLINA.- Podemos estar de acordo en que somos os “fundadores”, pero iso non debería significar que fagamos de menos aos que veñas detrás!

ISMAEL.- Dío como queiras, pero a diferenza entre eles e nós é *(resalta.)* evidente!

PROFESOR NEIRA.- Entón estamos de acordo?

ISMAEL.- *(Alto e dominando a actitude de todos.)* Por suposto!

PROFESOR NEIRA.- Moi ben, grazas pola túa intervención Ismael. E agora vinde recoller as vosas acreditacións. Ah! Esquecía algo importante: catro destas tarxetas, só catro, están marcadas cunha cruz. Aqueles a quen vos toque un carné sinalado coa cruz, deberedes mantelo en segredo diante dos demais. Esa cruz convértevos en “Delegados Confidenciais”. A vosa misión será informarme persoalmente de calquera comentario no que se cuestione ou poña en dúbida o poder da Onda. Se algún dos Delegados ve algo reprochable e non o comunica, será automaticamente expulsado.

E agora si, os carnés. *(Vai chamando un a un polo seu nome entregándolle a cada quen un sobre coa acreditación no seu interior.)*

ALMA.- *(ë a última en recoller o sobre; antes de sentar vólvese e pregunta.)*
Profesor Neira, estes Delegados Confidenciais, deberán tamén vixiar aos novos integrantes da Onda cando se sumen ao grupo?

PROFESOR NEIRA.- Se imos ser estritos entre nós, teremos que ser estritos cos demais, non si?

(Todos abren o sobre e len a súa acreditación. ESCURIDADE e música ambiente.)

QUINTO DÍA. LUNS, 2/5/2016

Antes de que a clase empece.

Alma, Mercedes e Ainoha están sentadas arredor da mesa de clase, traballan na realización do manifesto; aparece e achégase Ismael.)

ISMAEL.- Ola, non vos vin na cafetería? Que é? Ah! O manifesto da Onda!!

ALMA.- Oe, que á parte da clase co profesor Neira temos outras materias que aprobar! Que pensas?

ISMAEL.- Entón seredes as únicas que non estades obsesionadas con isto. Sabedes a que montaron Marta e Darío? Durante varios recreos estiveron recrutando xente....

AINOHA.- Que? Que fixeron que?

MARTA.- Non, non somos unha seita relixiosa nin quero venderte maría. Eu falo de capacidade, de responsabilidade, fáloche da importancia de disciplinar o noso corpo, de concentrarnos en todo o que realizamos, fáloche da importancia da vontade, de experimentar poder, ...fáloche do noso grupo, A Onda!!

ALMA.- Eu xa o sabía.

AINOHA.- Claro, contoucho Darío.

ALMA.- Si. Falaron e ficharon un montón de xente. Aínda que onte case acaban a hostias: un tío de segundo de bacharelato, un repetidor moi chulito, discutiu con Darío sobre o noso grupo.

MERCEDES.- E que pasou? Pegáronse?

ALMA.- Non , non chegaron ás mans. Pero o increíble é que tres rapaces que pediron entrar na Onda viñeron na súa axuda e botaron de alí ao tío de segundo. Acabaron berrando as nosas consignas: Disciplina!, Grupo!, Acción!

(Berrando á par que o conta)

DARÍO.- Disciplina! Grupo! Acción! Disciplina! Grupo! Acción!

ISMAEL.- Este exercicio é de tolos!

(Chega Lucía)

LUCÍA.- Que contenta estou! Veño da cafetería e acabo de convencelos para que nos deixen decorar as súas paredes coa insignia e os lemas do noso grupo. Díxenlles: pensade que virán moitos máis alumnos se encontran este local interesante, acolledor, especial. Pilládelo?

ISMAEL.- E “pillárono”?

LUCÍA.- Si! Si! Podemos poñer o emblema da Onda nas paredes, e podemos poñer a nosas consignas. (*Lucía mira un guasap no móbil*) Téñome que ir; quedei con Alexia e Samuel para preparar os carteis de clase. Abur!

AINHOA.- Espera Lucía, que vou contigo e axúdvos. (*Saen.*)

ISMAEL.- Que pasada! Agora imos ter o noso emblema presidindo a lista de prezos na cafetería.

ALMA.- Mira é unha idea: podíamos encargar un bocata co nome de A Onda.

ISMAEL.- (*Socarrón.*) Ha,ha,ha,ha!

(*Aparece Luana. Ven cun papel na man e algúns libros*)

LOIS.- Alma, vou á biblioteca, que quero rematar coa lista de libros que me encargou o profesor Neira, poderías axudarme? Mira, fixen esta lista. Que opinas?

ALMA.- Ala, que bruto es, Lois! Onde vas cunha lista tan grande! Isto non hai quen o lea nin en tres vidas!

LOIS.- Ti cres? Non sei. A min parécenme tan interesantes...

ALMA.- Anda, está ben, axudareite. (*Fálalle a Mercedes.*) Acaba ti Mercedes, conforme o que falamos. (*Saen. Fálalle a Lois.*) Pero mira que eu aquí hai libros que non coñezo!

LOIS.- Que dis!? Que libro destes non coñeces?....

(*Quedan só Mercedes e Ismael.*)

ISMAEL.- Ah, sabes!? Ata o director se cruzou co profesor Neira e fixo o saúdo da Onda. Din que o tomaba a cachondeo, ou eso espero.

MERCEDES.- Pois na última clase vin que defendías A Onda con moito entusiasmo.

ISMAEL.- Iso cres?

MERCEDES.- Si, iso vin.

ISMAEL.- Non me digas! E cal é a túa opinión de todo este lío? Sei moi ben que isto da Onda gústache tampouco coma a min.

MERCEDES.- Por que dis iso?

ISMAEL.- Mira, eu non son coma os parvos da clase. Sei o que está a pasar!

MERCEDES.- A si? Pois se non che gusta pertencer a Onda, por que ese discursiño do outro día?

ISMAEL.- Lembras cando o profesor Neira me dixo que quedara ao final da clase? Entón fíxome unha proposta: “se logras destruír A Onda, poñereiche a nota máis alta”. Durante un tempo pensei que non era posible: para cando falara e convencera a todos, el sempre iría por diante bloqueando e entorpecendo as miñas accións. Entón comprendín que tiña que tomar a iniciativa: ir por diante!

MERCEDES.- Dío como se fose moi fácil.

ISMAEL.- Claro! Só teño que ser o líder do grupo, só teño que gañar a confianza de todos! Son fáciles de manipular!

MERCEDES.- Manipular? O profesor Neira caéelles ben, pero se ti escribiras un libro sobre como ter amigos non cho compraría ninguén!

ISMAEL.- Podo ser tan simpático como o que máis! O que pasa é que normalmente non quero. *(Pausa)* A ti Mercedes respéctante! Se me axudas teremos éxito. Formaremos un grupo de resistencia!

MERCEDES.- Un grupo de resistencia? É ridículo! E eu que gaño con iso? A min o profesor Neira non me prometeu nada. *(Pausa)* Ademais, estás totalmente equivocado: a min gústame o experimento e quero continuar ata o final.

ISMAEL.- Moi ben. Non te necesito. Sabes? Ese exercicio de facer unha ficha sobre cada un do grupo resultou tremendamente útil: hai cousas que ignoraba. Sabes por que Alicia non quería axudar ni levar a ninguén á súa casa? Pois resulta que a súa nai foi vítima de violencia de xénero, vamos que o seu pai é un maltratador; agora viven protexidas e incluso a súa nai ten un novo compañeiro.

MERCEDES.- Ismael, tes un X na tarxeta que che deu o profesor Neira, es un dos catro Delegados Confidenciais?

ISMAEL.- Non! *(pausa. Acaba de lembrar a existencia e o significado dos X.)* Ti si?! *(Mercedes esboza un xesto de ambigüidade.)* Eh! Non irás tomar en serio eso dos X. Tiñas que avisarme antes, Mercedes: eu conteiche os meus plans por que teño confianza en ti. Non me fodas! Non é xusto! Por favor, non llo contes a Moncho nin aos demáis, senón non terei ningunha posibilidade.

MERCEDES.- Ese é o teu problema, non o meu. *(Dispense a saír de escena.)*

ISMAEL.- Mercedes, espera! Escoita, temos que falar!

(Mercedes sae de escena, perseguida por Ismael.)

(Aparece o profesor Neira. Ven falando por un móbil.)

PROFESOR NEIRA.- Digamos que a conduta debe entenderse coma un acto nun contexto, ten lugar no marco dunha determinada circunstancia cuxa análise non podemos obviar..... Mire, e para que vostede o entenda, os alumnos e alumnas só aprenden as cousas se lles obrigamos a pasar por elas..... Por suposto, estou á súa disposición.... Grazas pola súa confianza.....Foi un auténtico pracer.... Un saúdo. *(Garda o móbil. Esboza un xesto de satisfacción que enseguida se transforma en preocupación.)* Que fácil foi convencelo! *(Sae de escena)*

(Con música ambiente os membros da Onda van entrando en clase e van decorando a aula con carteis que recollen o emblema do grupo.

Tras decorar a clase, Omar sae ás taquillas pero volve axiña e avisa da chegada do profesor Neira. Todos sentan correctamente conforme o aprendido. Cando o profesor entra na clase todos se poñen en pé; o profesor contempla a decoración e realiza o saúdo. Todo o grupo contesta o saúdo.)

En clase; o final do exercicio.

PROFESOR NEIRA.- Felicidades! A Onda creceu (*O profesor Neira relaxa o saúdo. Todos o fan e sentan.*) Samuel, Lucía, Alexia! (*Érguense*). Felicidades polo traballo co noso emblema; a clase, a biblioteca, a cafetería, os corredores,... Ben, sentade, grazas. (*Diríxese entón a Lois.*) Lois! (*érguese.*)

LOIS.- Teño aquí a lista de libros que me encargou. Axudoume Alma e penso que fixemos un bo traballo. Ah! Engadimos unha lista de música, unha de películas e tamén unha de series de televisión. (*Lucía pon cara de sorpresa e enfado. Refunfuña, séntese menosprezada. Lois dase conta.*) Pode que a lista de series debamos revisala; consultarei a Lucía. (*Lucía cambia de expresión: séntese valorada.*)

[PROFESOR NEIRA.- Teño aquí as listas e sorprendeume que elimines “A esmorga” de Blanco Amor e tamén “A Fundación” de Buero.

LUANA.- Sinceramente, son crueis e pesimistas. Non teñen nada que ver co que a Onda defende.

ALICIA.- Profesor Neira, paréceme ben o que di Lois. É máis, creo que non falo só por min.

CAROLINA.- Pois fala por ti bonita! Xa me gustaría saber que libros puxo de primeiros?!

ALMA.- Lémbroche Carolina, que facer a lista de libros foi responsabilidade de Lois, e non a túa. Así que non te metas.

CAROLINA.- Profesor Neira! (*Queixándose.*)

PROFESOR NEIRA.- Cala Carolina! É o traballo de Lois e debemos respectalo.] Grazas Lois, ben feito. (*Buscando no seu maletín ao tempo que adopta unha actitude máis severa, saca uns papeis.*) Teño aquí uns informes dos Delegados Confidenciais. En realidade algúns destes informes son de persoas que non son Delegados Confidenciais. E hai nomes de alumnos que non coñezo. (*Le.*)

“Xoves ... 12.35 horas. Erica Vincios non fixo o saúdo da Onda ao encontrarse con outros membros cando saían da biblioteca”. Quen é Erica Vincios?

LUCÍA.- Leva pouco con nós, profesor Neira. Pero non se preocupe que como castigo xa lle dixen que tiña que buscar dez membros máis para a Onda.

PROFESOR NEIRA.- Como castigo?

LUCÍA.- Claro! Pero é riquiña, profesor Neira. Xa verá como aprende!

PROFESOR NEIRA.- Vale. Teño aquí unha protesta de Xefatura de estudos por unha pelexa nas pistas de deporte durante unha clase de educación física. Polo visto, un par de rapaces estiveron molestado á xente con...pistolas de auga!?

ALEXIA.- (*levanta a man para falar. Érguese.*) Non son integrantes da Onda, profesor Neira. Son uns idiotas de cuarto que pretendían burlarse de nós: deulles por berrar “poder mollado” mentres disparaban auga á xente que encontraban. Xa os convencemos de que non o fixeran máis.

PROFESOR NEIRA.- *(Le.)* “14.28 horas. Darío fixo un comentario indebido sobre o grupo”.

DARÍO.- Iso é falso.

PROFESOR NEIRA.- *(Chámao á orde.)* Darío!

DARÍO.- *(Levanta a man e érguese.)* Non é certo, profesor Neira. Estaba cun grupo de amigos e dixen que a Onda era o máis divertido que fixeramos no insti; iso foi todo.

OMAR.- *(Levanta o brazo e érguese.)* Quizais alguén pensou que “divertido” non era unha expresión adecuada. *(Diríxese a Darío.)* “Divertido” pode querer dicir que non nos tomas en serio!

DARÍO.- Non é o que eu pretendía dicir... Tenme que crer profesor Neira!

PROFESOR NEIRA.- Vouno esquecer por esta vez Darío. Pero ten máis coidado; as palabras son armas. *(diríxese a Ismael.)* Ismael! *(Ismael érguese moi sorprendido e como presentindo, mira a Mercedes.)* Aquí temos algo sobre ti. *(Pausa expectante.)* É un informe ... positivo. *(Le.)*

“10.30. horas. Ismael defendeu un novo membro da Onda cando un grupo se burlaba da súa incorporación”. Iso estivo moi ben Ismael; vexo que te estás integrando.

(Ismael saúda e senta. Non deixa de mirar a Mercedes.)

(O profesor Neira ponse moi serio.)

Hai dous informes máis que considero moi graves. Conteñen acusacións moi serias. Alicia! Mercedes! *(Érguense, sorprendidas.)*

Alicia, os teus compañeiros pedíronche axuda e ti, non só non quixeches colaborar senón que ocultaches as verdadeiras razóns da túa negativa. Sabemos o que pasa na túa casa. Cando iamos obter a túa confianza? Podemos fiarnos de quen non se fía de nós?

ALICIA.- Profesor Neira, debe entendelo. O que pasou na miña casa,... o que lle pasou á miña nai é algo moi serio. Eu non pretendía ser indiferente cos meus compañeiros...

PROFESOR NEIRA.- *(Cortando.)* Non pretendías? E que pretendías entón? Somos un grupo, somos nós, a Onda!

ALICIA.- Profesor Neira, en serio, debe comprender...

PROFESOR NEIRA.- *(Cortante.)* Ese é o problema: como podemos “comprender” a quen non é sincera con nós!

ALICIA.- Equivócase, a cuestión é moi delicada...

PROFESOR NEIRA.- *(Cortando definitivamente a Alicia que permanecerá de pé.)* Basta! *(Diríxese a Mercedes.)* E ti Mercedes, por que denuncias as actividades da Onda a persoas alleas ao instituto? Pretendes que alguén interveña e paralice a nosa actividade? Dinos?

MERCEDES.- Non sei de que me fala, profesor Neira.

PROFESOR NEIRA.- Falaches con alguén da Onda?

MERCEDES.- Falei cos meus pais. Díxenlles que estabamos a facer un exercicio de clase.

PROFESOR NEIRA.- Creo que dixen que non debiamos falar do noso grupo máis aló do instituto, non si? Os teus pais non son alumnos nin profesores deste centro!

MERCEDES.- Profesor Neira, supoño que a nosa familia, os nosos pais, son tamén membros da Onda, alomenos de xeito indirecto. Penso que todo o que nos gusta é algo do que facemos partícipes aos pais...

PROFESOR NEIRA.- Ismael! (*Ismael érguese.*) Ti pensas o mesmo? Cres que debemos implicar aos pais na Onda?

ISMAEL.- Por suposto que non! (*Senta.*)

PROFESOR NEIRA.- E ti Carolina?

CAROLINA.- (*Érguese, sorprendida pero segura.*) Non, para nada!

PROFESOR NEIRA.- E ti Samuel?

SAMUEL.- (*Érguese.*) Non, a familia non pinta nada aquí!

PROFESOR NEIRA.- Hai alguén que pense como Mercedes? (*Silencio. Ninguén contesta.*) Como ves Mercedes, paréceme que temos un serio problema.

MERCEDES.- De tódolos xeitos o meu comentario sobre a Onda non foi unha denuncia nin pretendeu paralizar esta actividade.

PROFESOR NEIRA.- Pero provocaches unha reacción negativa contra todos nós: recibín algunhas chamadas. Dime Mercedes, sinceramente, cal é a túa opinión sobre o que estamos a facer?

MERCEDES.- (*Pausa longa, dubitativa. Por fin encontra as palabras.*) Como traballo de clase, resúltame interesante.

PROFESOR NEIRA.- Só é un traballo de clase?

MERCEDES.- (*Berra con certa angustia.*) Para min e para todos!

PROFESOR NEIRA.- Omar! (*Omar érguese.*) Que dis ti?

OMAR.- (*Fala serio, precavido e tenso ante a situación. Mira a Alicia.*) Creo que facemos algo importante.

SAMUEL.- (*Érguese sen pedir permiso. Fala con entusiasmo e unha certa agresividade de quen se sabe traizoado.*) Nunca estivemos tan atentos en clase, profesor Neira. Nunca respondemos así a unha materia. (*Mirando a Alicia e Mercedes.*) A Onda é máis que un exercicio de clase!

PROFESOR NEIRA.- E se vos dixera que efectivamente así é! (*Busca nos seus petos un papel que saca e mira.*) A Onda non é só unha actividade pedagóxica máis. Senón o principio dun movemento que percorre todo o país.

Mirade ao voso redor: estamos en crise! O goberno mente constantemente coas súas promesas! Nin sequera lles importa que saibamos que menten.

Neste tempo tan breve puidestes aprender por vos mesmos o importante que son a disciplina, o grupo e a acción. Mirade, somos uns cantos por todo o país os que decidimos empezar un novo movemento. Non podemos esperar a que alguén veña e solucione os nosos problemas.

Se somos capaces de cambiar este instituto, un instituto calquera, entón poderemos cambiar todo o demais. Quero, entón, anunciarvos algo im`portante. O próximo venres, ás oito da tarde, convocaremos unha concentración no paraninfo do instituto. Presentareivos o noso líder, a persoa que hai uns meses empezou todo isto. Concentracións como esta terán lugar a mesma hora noutros institutos e universidades para así retransmitir por internet unha rolda de prensa en directo e para todo o Estado. Virán periodistas de todos os medios para cubrir o evento.

ALEXIA.- Podemos invitar aos nosos amigos?

PROFESOR NEIRA.- Só membros da Onda. Lograstes que moitos compañeiros pertencen á Onda, agora tedes aínda tempo para que sexamos moitos máis. Pero antes, e este é o momento, debedes elixir. Se non queredes estar aquí é o momento de abrir a porta e marchar. Ide ver ao Director, aos vosos pais, a quen queirades! Pero se o voso desexo é participar quero que o digades en voz moi alta e sen ambigüidades. En pé! Queredes formar parte da Onda?

TODOS.- Si!

PROFESOR NEIRA.- Poder da disciplina, poder do grupo, poder da acción!

TODOS.- Poder da disciplina, poder do grupo, poder da acción!

PROFESOR NEIRA.- Disciplina! Grupo! Acción!

TODOS.- Disciplina! Grupo! Acción!

PROFE.- Sentádevos! (*Todos sentan.*) Alicia e Mercedes, vós non. (*Alicia e Mercedes érguense.*) Alicia, Mercedes, non podemos permitirmos desculpar a vosa actitude. A túa desconfianza Alicia resulta imperdoable; a túa denuncia Mercedes puxo en perigo todo o noso proxecto. Sei por que o facedes: as dúas tedes notas moi boas, sodes brillantes nas vosas intervención e nos traballos. Sen dúbida sentídesvos superiores aos vosos compañeiros. Agora ben, este exercicio fíxovos entender que todos eles podían crecer e alcanzarían o voso nivel e vos superarían. Entón non puidestes aceptalo e decidistes destruírnos. A vosa actitude é ruín.

MERCEDES.-É mentira! Todo iso é mentira.

ALICIA.- Pero isto é unha burla ou que? Non credes o que di!

MERCEDES.- Non é máis que un exercicio! Ti dixéchesme...

PROFESOR NEIRA.- (*Cortando a xustificación de Mercedes.*) Mercedes, acaso non é verdade que falaches cos teus pais sobre a Onda? Non é verdade?

MERCEDES.- Si, é verdade, pero eu non quería...

PROFE.- Mercedes! Non quero ser inxusto contigo e con Alicia. Non serei eu quen decida se sodes ou non culpables, serán os vosos compañeiros.

(Entón Lucía érguese e sentencia.)

LUCÍA.- Culpables!

SAMUEL.- (Érguese.) Culpables!

ALEXIA.- (Érguese.) Culpables!

MARTA.- (Érguese.) Culpables!

ALMA.- (Érguese.) Culpables!

(Samuel, acompaña entón ritmicamente a sentença cun golpe na táboa da cadeira. Todos o imitan e os indecisos vanse sumando.)

DARÍO.- (Érguese.) Culpables!

AINOHA.- (Érguese.) Culpables!

Lois.- (Érguese.) Culpables!

(Ismael, Omar e Carolinan, non se pronuncia. Permanecen quietos, non queren ver a escena. O profesor Neira fai un xesto e o machacón sermoneo da sentença faise suave e permítelle falar.)

PROFESOR NEIRA.- Ismael, Omar e Carolina, debemos disciplinar as nosas emocións. Queremos que todo o mundo forme parte da nosa Onda, pero cando o merezan. Que decidides?

(Os tres súmanse. O primeiro Ismael, que volve a incrementar o ritmo e son da sentença. Logo Omar e por último Carolina.)

PROFESOR NEIRA.- *(Ergue as mans indicando que é suficiente.)* Basta. *(Todos calan. Fálalles a Alicia e a Mercedes.)* Alicia e Mercedes, quedades expulsadas da Onda. Omar, acompañaas fóra da aula. Non quero volver a vervos nesta aula!

(Omar acompaña a Mercedes e Alicia fóra da clase. Abre a porta e cando están a punto de desaparecer e pechar a porta o profesor Neira berra.)

PROFESOR NEIRA.- Omar, para! Mercedes, Alicia, volvede aquí! *(Omar, Alicia e Mercedes volven entrar; non entenden o que pasa. O profesor Neira parece outro cando fala.)* Dixemos: Poder da disciplina, poder do grupo, poder da acción. *(Pausa)* E o poder da reflexión? Onde queda? Onde queda a capacidade que nos permite recoñecer e rebelarnos contra a inxustiza?

(O cambio de expresión e os interrogantes non deixan lugar a dúbida: todo era unha montaxe. As expresións de todos pasan pola sorpresa, o desgusto a desesperación.)

ISMAEL.- Sabíao! Non hai ningún movemento! Non era máis que un puto exercicio!

LUCIA.- Non existe a Onda como movemento?

ALMA.- Pero que está pasando? Por favor!

ALEXIA.- Non pode ser! Non pode ser! Todo é unha mentira!

AINOHA.- Pero que pasa?

CAROLINA.- Pasa que todo é unha merda! Estase a rir de todos nós! Somo parvos!

DARÍO.- Profesor Neira!

SAMUEL.- Profesor Neira, di que se equivocan!

OMAR.- Profesor Neira, entón non existe A Onda?

POFESOR NEIRA.- É certo. Non existe ningún movemento ao que deba adscribirse a Onda.

Fostes utilizados, manipulados, embaucados, empurrados a este momento por min. Pero tamén polos vosos desexos.

Pensastes que erades mellores que os demais. Negastes a vosa liberdade por medo a ser excluídos dun grupo. Escollestes a mentira por enriba das vosas conviccións. Permitistes que corrompera a linguaxe, que conceptos positivos como “disciplina”, “comunidade”, “grupo”, “acción”, “vontade” se perverteran e podrecean para xustificar calquera abuso. Deixastes que castigara ao inocente, peor aínda, vos mesmos decidistes ese castigo. Alí onde se precisaba reflexión e conciencia, optastes por vos conformar coa charlatanería.

(Ismael sae. Tamén o imitarán, cada un ao seu tempo, Lois, Alicia e Omar.)

O Nazismo, o Totalitarismo, non é algo que fan os demais. É o produto da inercia dun grupo humano insatisfeito, sen intelixencia nin valor, incapaz de mellorar por si mesmo: “Eu non sei nada”, “Eu non fixen nada”, “Obedecía ordes”, “Non son responsable do que pasou”, “Isto non ten nada que ver comigo”, “Non me consta”,.... Escusas! Escusas!

Lembrades a pregunta de Luana?: “Como foi posible que a poboación civil non soubese o que sucedía?”, “Ninguén viu nada?”, “E se algo sabían, por que non o evitaron?” Este era un exercicio de clase. Que facía falta que acontecera para que deixardes de xogar? Que máis tería que ocorrer?

(Soa o timbre de final de clase.)

MERCEDES.- E agora que, profesor Neira?

CAROLINA.- Eso, e agora que, Moncho?

PROFESOR NEIRA.- Quizais, moitos dos que estades aquí non volveredes a falar disto. Algúns, incluso, negaredes ter vido. Pero se de verdade entendestes algo, nas próximas semanas, quizais nos próximos anos, teredes que dar resposta a todas estas preguntas.

(O profesor abre a porta e os invita a saír. Todos van saíndo. Lucía realiza o saúdo. O profesor Neira non llo devolve. Todos saen.)

(Escuro e fin da obra.)